

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 28 de outubro de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/16, do 30 de setembro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 22551 ata a número 24800, de 2016.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

- 3.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" para financiar a Semana da música ao vivo 2016 e aprobación do correspondente convenio.
- 4.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar a XIV edición dos Premios Mestre Mateo e aprobación do correspondente convenio.
- 5.-Aprobación do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para financiar a programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2016.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

- 6.-Aprobación da entrega ao Concello de Ponteceso das instalacións de abastecemento de auga situadas na finca propiedade da Deputación Provincial da Coruña denominada de "Balarés" (Ponteceso).

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

- 7.-Aprobación provisional do proxecto modificado da obra "Urbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao PK 11,310" do Concello de Carral, incluída na primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, código 15.1130.0001.0.
- 8.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2016, quinta fase.
- 9.-Aprobación da 1ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

- 10.-Aprobación da 2ª modificación das Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 no relativo ao prazo de devolución do préstamo provincial.
- 11.-Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 no relativo ao prazo de devolución do préstamo provincial.

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento da obra de “Acondicionamento de lavadoiro na rúa Río Quenxe”.

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso para o financiamento da obra de “Reforma de accesos a vestiarios e vestiarios de equipo local e árbitro do campo de fútbol municipal Lino Balado”.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Teo para o financiamento da obra de “Mellora de accesibilidade en diversos puntos do Concello de Teo”.

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento da obra de “Proxecto de mellora de camiños de Campo da Feira-Arceo, Ponte Faxilde, Opa-Orga e outros”.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

16.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e 30 de setembro de 2016.

17.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30.09.2016 e proxección a 31.12.2016.

18.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao terceiro trimestre de 2016 na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

19.-Aprobación do expediente de modificación de crédito número 4/2016 de aprobación polo Pleno.

20.-Modificación das bases e criterios de distribución da produtividade establecidos polo Acordo Plenario do 27 de novembro de 2014.

21.-Sistema de avaliación do desempeño e cumprimento de obxectivos. Bases e criterios do complemento de produtividade.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción dos Grupos provinciais de Marea Atlántica e Compostela Aberta sobre a instalación de vertedoiro de residuos industriais promovida por Gestora de Residuos del Noroeste S.L. no concello de Lousame.

-Moción dos Grupos provinciais de Marea Atlántica e Compostela Aberta para a paralización da LOMCE e as reválidas.

ROGOS E PREGUNTAS